


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021.22  
5º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

## ÍNDICE:

1.- Introdución .....	páx 3
2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave .....	páx 3
3.- Concreción para cada estándar: .....	páx 9
Temporalización	
Grao mínimo de consecución para superar a materia	
Procedementos e instrumentos de avaliación	
4.- Concrecóns metodolóxicas .....	páx 13
5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar .....	páx 15
6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación.....	páx 16
7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	páx 17
8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes,	
De ser o caso.....	pax 20
9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar	
como consecuencia dos seus resultados .....	páx 20
10.- Medidas de atención á diversidade .....	páx 20
11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso .....	páx 21
12.-Actividades complementarias de ámbito curricular.....	pax 21
13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacóns didácticas en	
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	páx 22

## 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagógica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvolveuse e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o *DECRETO* 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia enténdese por COMPETENCIAS : *as capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.*

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual: saber, un coñecemento relativo ás destrezas, coñecemento procedural: saber facer; e un terceiro compoñente que implica un conxunto de actitudes e valores: saber ser.

Segundo os artigos 4 e 5 da Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato; as competencias clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos para cada etapa educativa.

Para iso as competencias clave deben estar integradas en todas as áreas ou materias do currículo. Todas as áreas deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

A selección dos contidos e das metodoloxías debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo da vida académica.

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área o materia. Estes criterios de avaliación desglósanse en estándares de aprendizaxe availables. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe availables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.

As **competencias clave** do currículo segundo os citados decreto e orde, e que están reflectidas na programación das diferentes áreas, son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### **Competencia en comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O compoñente lingüístico céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O compoñente pragmático-discursivo contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O compoñente sociocultural inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escucha e a conversación.
- O compoñente persoal potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

## Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

### a) A competencia matemática.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razonamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre:

- Os números, as medidas e as estruturas.
- As operacións e as representacións matemáticas.
- A comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxebraicas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidad céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacions e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

### b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnoloxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade

- orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
  - Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

### Competencia dixital

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación.
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitálos.
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

### Aprender a aprender

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e articúllase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.
- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

### Competencias sociais e cívicas

#### a) A competencia social

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensíons intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

b) A competencia cívica

A competencia cívica baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracíons internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos más destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quiere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autocoñecemento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.

- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.
- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.
- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

### Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresións culturais articúlase arredor dos seguintes aspectos:

- Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.
- Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.

Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a producción artística.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

**3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:**

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

**TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

<b>CURSO</b>	CEIP Plurilingüe O Mosteirón Curso 21-22 5º Primaria		
<b>NIVEL</b>	5º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Lingua Castelá (LC)

Criterio de evaluación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						Instrumentos de avaliação / Procedementos de avaliação		
<b>Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escouitar</b>								
LC-B1.1	5º-LCB1.1.2 - Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Caderno de clase.		CCL CAA
LC-B1.1	5º-LCB1.1.3 - Aplica as normas sociocomunicativas: escouita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.		CCL CAA CSC
LC-B1.4	5º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado a súa	Cumprimento obxectivo do estándar.		X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.		CCL

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.				INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Caderno de clase.	
LC-B1.5	5º-LCB1.5.1 - Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resumo. Traballo de aplicación e síntese.	CCL CAA
LC-B1.7	5º-LCB1.7.1 - Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.	CCL CAA CSIEE

**Bloque 2: Comunicación escrita: ler**

LC-B2.1	5º-LCB2.1.1 - Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidad, fluidez e entoación adecuada.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.	CCL
LC-B2.1	5º-LCB2.1.2 - Lee en silencio coa velocidad adecuada textos de diferente complexidade.	Cumprimento obxectivo do estándar.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Resumo. Traballo de aplicación e síntese.	CCL
LC-B2.1	5º-LCB2.1.3 - Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.	CCL CAA

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	ámbito escolar e social:					Resumo. Traballo de aplicación e síntese.	
LC-B2.1	5º-LCB2.1.4 - Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Resumo. Caderno de clase.	CCL CAA
LC-B2.7	5º-LCB2.7.1 - Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamiento guiado da información.	Cumprimento obxectivo do estándar.		X	X	PROCEDIMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Outras probas específicas.	CCL CD CAA

**Bloque 3: Comunicación escrita: escribir**

	5º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos sencillos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instruccións, normas...	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Caderno de clase.	CCL CD CAA
LC-B3.1	5º-LCB3.1.2 - Escribe textos organizando as	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.					INSTRUMENTOS: Textos escritos. Caderno de clase.	
LC-B3.1	5º-LCB3.1.6 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CAA

**Bloque 4: Coñecemento da língua**

LC-B4.2	5º-LCB4.2.4 - Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos.	Cumprimento obxectivo do estándar.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Caderno de clase.	CCL
LC-B4.2	5º-LCB4.2.5 - Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.	CCL
LC-B4.4	5º-LCB4.4.2 - Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais.	CCL
LC-B4.4	5º-LCB4.4.6 - Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Cumprimento obxectivo do estándar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Caderno de clase.	CCL

**Bloque 5: Educación Literaria**

LC-B5.4	5º-LCB5.4.1 - Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.	Cumprimento obxectivo do estándar.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Producións musicais. Xogos de simulación e dramáticos.	CCL CAA CSIEE CCEC
---------	---	------------------------------------	--	---	---	--	-----------------------------

#### 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As competencias do currículo para a aprendizaxe permanente deberán estar integradas nos elementos curriculares. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes dos alumnos, e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

O equipo docente deberá interrelacionar os contidos das áreas cun enfoque globalizador, e abordar os problemas, as situacíons e os acontecementos dentro dun contexto e na súa totalidade, garantindo, en todo caso, a súa conexión coas necesidades e características dos alumnos.

Así mesmo, a intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade dos alumnos, poñendo especial énfase na atención personalizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe, a realización de diagnósticos precoces e a posta en práctica de mecanismos de apoio e reforzo para previr e, no seu caso, intervir tan pronto como se detecten estas dificultades.

De acordo coas competencias atribuídas no artigo 6 bis 2.c).3º da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, realízanse as seguintes recomendacións de metodoloxía didáctica:

- a) Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- b) A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
- c) Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
- d) Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.
- e) A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
- f) Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo.
- g) Procurarase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
- h) Espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos nas actividades da aula e do centro.
- i) Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

##### **Metodoloxía activa e participativa**

O alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe. É o alumno o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe mediante propostas nas que recorra a materiais manipulables para descubrir contidos, a través da toma de decisións, cooperación...

Entre estas propostas destacan **a aprendizaxe partindo da manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar**.

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.

- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se confrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

#### a) Actividade lectiva presencial.

Ademais dos principios e orientacións metodolóxicas previstas nos artigos doce e trece do presente decreto, a acción docente na área de Lingua Castelá e Literatura terá en especial consideración as seguintes recomendacións:

- Relacionar as actividades de aprendizaxe coa vida do alumnado.
- Fomentar o esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Realizar traballos e presentacións a nivel individual, así como en equipo, que supoñan a elaboración dun produto significativo por mor da procura, selección e organización de información, mostrando habilidade para traballar individualmente como de maneira colaborativa.
- Incluír exposicións ou debates previamente preparados na actividade cotiá da aula.
- Avaliar as prácticas orais dos demais, co obxectivo de facer explícitas as carencias e o progreso do alumnado e de que este, á súa vez, sexa capaz de recoñecer as súas dificultades para melloralas.
- Integrar as tecnoloxías na aula para analizar discursos e debates audiovisuais e avaliar discursos propios e alleos gravados e proxectados.
- Os agrupamentos deben ser flexibles e adaptados á tarefa para realizar. Débese valorar o traballo en grupo, xerando actitudes de cooperación e responsabilidade assumindo cada membro o rol correspondente dentro do grupo; aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas.
- Crear un recuncho de comprensión lectora con recursos variados que poidan ser de interese para o alumnado (cómics, revistas divulgativas, obras de ficción de temas variados, etc.) que poidan ser usados polos alumnos que finalizasen as tarefas asignadas a modo de actividade de lecer.
- Reforzar os mecanismos que permitan ao alumno diferenciar e utilizar os diferentes xéneros discursivos apropiados a cada contexto (familiar, persoal, académico, social).

**b. Actividade lectiva semipresencial ou a distancia.**

No suposto que houbese clases semipresenciais ou un confinamento traballarase da seguinte maneira:

- Publicaranse os venres na aula virtual do colexio a programación semanal de actividades , coas explicacións correspondentes.
- As tarefas entregaranse en tempo e en forma(prazo de entrega ata o venres seguinte)
- As actividades serán obligatorias para poder avaliar .
- Non se farán clases en liña, a non ser en casos excepcionais que se precise explicación individualizada.
- Enviaránse os traballos ao correo electrónico do mestre.

No caso de confinamento xeral de toda a aula, porase en marcha o plan de continxencia do centro, que prevé o establecemento de ensino a distancia mediante clases virtuais por videoconferencia establecendo para tal fin un horario espello equivalente ao horario presencial.

## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Neste curso utilizaranse diferentes recursos para esta área marcada especialmente pola nova implementación da metodoloxía EDIXGAL no centro e neste nivel. Para isto teremos en conta unha serie de recursos que a continuación detallamos.

Recursos Materiais:

Utilizaranse e elaboraranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construcción das aprendizaxes. Usarase unha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente la integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Os materiais a utilizar, entre outros, son os seguintes:

- Fichas de reforzo e ampliación.
- Fichas de evaluación.
- Encyclopedias, libros de consulta, atlas, diccionario, revistas...Material de aula: mapas, figuras, reglas, paneis educativos,..
- Mapas de conceptos, tarjetas e murais de elaboración propia.
- Pizarra Digital Interactiva.
- Pizarra.
- Aula de informática e ordenador propio na aula.
- Vídeos educativos, documentais, etc.
- Biblioteca da aula e de centro.
- Material elaborado polos mestres/as para traballar as distintas áreas.

Tendo en conta diferentes materiais consideramos a especial situación que este curso teñen as

tecnoloxías da información xa que este curso e neste nivel de 5º de educación primaria lévase adiante a incorporación a aula a metodoloxía EDIXGAL, tendo en conta para isto que o alumnado terá á súa disposición material informático (ordenador persoal, pantalla interactiva...) e tamén o software necesario para traballar cos libros dixitais e diferentes materiais didácticos que esta metodoloxía facilita e pon a disposición dos mestres, mestras e alumnado.

#### Recursos Persoais:

- Mestre/a Titor/a.
- Xefa do Departamento de Orientación.
- Mestra de Audición e Linguaxe.
- Mestra de Pedagoxía Terapéutica.
- Resto de mestres e mestras do clausto que en casos de excepcionalidade participarán en levar adiante substitucións ou apoios na aula tanto en momentos de ausencia do mestre titor coma en situacóns de necesidade de apoio a alumnos ou alumnas con diferencias no ritmo de aprendizaxe.
- As familias do alumnado.

#### 6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Estes criterios de avaliación basearanse nos diferentes estándares de avaliação marcados tendo en conta que asignándose un peso a cada un deles para telos en conta na valoración da adquisición dos diferentes obxectivos marcados para este nivel durante este curso escolar.

Para levar adiante esta avaliación teranse en conta os seguinte criterios de cualificación baseados na valoración indicada co peso que se lle indica e cos instrumentos usados e marcados en xeral en puntos anteriores.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	40%	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre</li></ul>

<p>a) Realización do traballo na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización adecuada do traballo</li> <li>• Organización dos materiais</li> </ul> <p>Presentación do caderno</p> <p>b) Realización do traballo na casa: Deberes e traballos específicos</p>	40%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno</li> <li>• Rexistro de actividades da clase</li> <li>• Rexistro de organización de materiais</li> <li>• Rexistro de entrega de deberes no tempo</li> <li>• Puntuación de corrección dos deberes</li> </ul>
<p>Valoración de actitudes na aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoita</li> <li>• Participación</li> <li>• Esforzo</li> <li>• Colaboración</li> </ul>	10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro de participación</li> <li>• Rexistro de actitude na aula</li> <li>• Rexistro da valoración dos compañeiros (caderno de equipo)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gañas de aprender e afán de superación</li> </ul>	10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro de actitudes</li> </ul>

Os criterios de cualificación no caso de actividades semipresencial ou non presencial seguen os mesmos criterios que na avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refiren á participación directa e oral nas actividades da aula.

## 7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A autoavaliación da nosa práctica docente constitúe un aspecto fundamental para detectar aqueles aspectos nos que é preciso mellorar coma docentes e que nos guíe para saber que estratexias debemos modificar na nosa labor diaria.

Para iso establecense os seguintes indicadores de logro que serán revisados e avaliados de forma trimestral para poder ir aadecuando a nosa práctica docente ao longo do curso; así coma tamén será obxecto dunha avaliación final na que se obteña unha información máis clara e da que se poidan obter as propias propostas de mellora daqueles aspectos nos que debemos seguir traballando e aqueles que son precisos incorporar na nosa práctica docente.

INDICADORES DE LOGRO	SÍ	NON	ÁS VECES
<b>1. Planificación do traballo docente:</b>			
Dedico de maneira periódica un tempo para planificar o meu traballo docente: os contidos que vou traballar, os obxectivos de aprendizaxe, as actividades de ensino e a orde nas que se levarán a cabo, os recursos que usarei, etc.			
Realizo unha planificación escrita dos aspectos anteriormente mencionados.			

Realizo os axustes necesarios para tratar de atender ás características de todos os alumnos/as.			
Identifico o que vou avaliar, as estratexias para avaliar e nos momentos nas que se levará a cabo.			
<b>2. Aproveitamento do tempo e os recursos materiais.</b>			
<b>Ao desenvolver as miñas clases utilizo:</b>			
O tempo nas actividades de acordo co que planificara.			
Láminas e paneis educativos, mapas, murais, etc, para reforzar a adquisición de coñecementos.			
Xogos didácticos para motivar e reforzar as aprendizaxe.			
As TIC: ordenadores, pizarra dixital, vídeos, etc.			
Os materiais da biblioteca escolar.			
Os recursos da contorna.			
<b>3. Estratexias e actividades para promover aprendizaxes significativas:</b> Realizaranse actividades de reforzo e recuperación partindo dos estándares mínimos da materia en colaboración co departamento de orientación para axudar aos alumnos e alumnas , e favorecer que promocionen de curso.			
<b>Ao desenvolver as miñas clases:</b>			
Dou instrucións claras e completas e verifico que os alumnos comprenden o que teñen que facer.			
Verifico constantemente que todos os alumnos/as entenden as explicacións dadas na aula.			
Promovo a realización de actividades grupais nas que guío o traballo dos meus alumnos/as.			
Asigno actividades para que os alumnos/as traballen de maneira independente.			
Promovo o traballo colaborativo entre os meus alumnos para que interactúen e se axuden entre si.			
Apoio individualmente aos alumnos.			
Procuro que os meus alumnos/as lean e comenten o que len.			
Promovo que os alumnos/as produzan textos variados e con diferentes funcións.			
Promovo actividades nas que os alumnos/as obteñan información a través de diferentes fontes.			
Realizo xogos didácticos para que os alumnos/as aprendan e reafirmen as súas aprendizaxes.			
Realizo actividades para que os alumnos/as aprendan a organizar e presentar información a través de diversos medios (esquemas, cadros, gráficas, etc).			

Realizo actividades co fin de desenvolver habilidades para a investigación (como a observación, a entrevista,...) cos meus alumnos/as.			
Promovo actividades co fin de que os alumnos/as apliquen, analicen, sinteticen e avalíen o aprendido.			
Presento os contidos e temas a partir de de situacíons familiares para os alumnos/as.			
Realizo actividades nas que o alumnado relaciona e aplican o aprendido a situacíons reais e cotiás.			
Promovo que os alumnos/as apliquen o aprendido a novos contextos e situacíons.			
Promovo a participación de todos os alumnos/as.			
Promovo que os alumnos/as expresen as súas ideas e argumenten as súas respuestas.			
Realizo actividades nas que os alumnos/as narran acontecementos, experiencias, temas do seu interese,etc.			
Realizo actividades variadas para tratar de atender ás características e necesidades de todo o alumnado.			
<b>4. Estratexias e accións para a avaliação dos alumnos/as.</b>			
<b>Para avaliar aos meus alumnos/as:</b>			
Realizo unha avaliação inicial para saber os coñecementos previos de cada alumnos/a.			
Elaboro rexistros de información sobre varios aspectos como os resultados de exames, a valoración dos traballados realizados, a forma de participación, o cumprimento de tarefas, etc.			
Reviso as súas tarefas para coñecer os seu logros e avances, así coma as súas dificultades.			
<b>Para asignar as cualificacións dos meus alumnos/as:</b>			
Teño en conta os resultados dos exames escritos e probas orais.			
Tomo en conta a información dos rexistros dos traballos realizados, a participación, cumprimento de tarefas, e a súa actitude e comportamento.			
<b>5. Uso dos resultados da avaliação.</b>			
<b>Utilizo os resultados das avaliações para:</b>			
Que os alumnos/as reflexionen sobre as súas aprendizaxes, e informalos dos seus progresos e aspectos que hai que mellorar.			
Identificar dificultades e necesidades nos alumnos/as.			
Axustar a miña práctica docente nas estratexias de traballo usadas.			
Informar aos pais/nais dos avances e dos aspectos nos que é necesario apoiar e decidir accións de apoio conxuntas.			

<b>6. Clima de aula.</b>			
<b>Como mestre:</b>			
Fomento situacións nas que os meus alumnos expresen libremente as súas ideas, pensamentos e sentimientos sen temor a ser ridiculizados ou sancionados.			
Preocúpome por coñecer os intereses, gustos e necesidades dos meus alumnos/as planificando actividades ou dinámicas con eles/as.			
Estou pendente das relacións que se establecen entre os alumnos/as e propicio que se resolván a tempo as situacións conflitivas que se presentan.			
Promovo que na clase exista un ambiente de compañerismo.			

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Este curso escolar nas aulas de 5º de Educación Primaria non hai alumnado repetidor que non promocionou ao curso seguinte. Debido a esta situación non é necesario levar adiante un plan de traballo específico para esta casuística.

Do mesmo xeito ningunha alumna ou alumno promocionou dende 4º curso de educación primaria con áreas pendentes. Por esta situación no e necesario establecer un especial plan de seguimento a este tipo de alumnado.

De tódolos xeitos terase en conta ao longo desde ano a especial situación que poida ter lugar cona alumnas que, nas diferentes evaluacións son superiores a área establecendo actividades específicas para apoio nos contidos non superados, establecendo exercicios e actividades de reforzo e repaso co fin de poder facilitar a superación dos obxectivos mínimos deses contidos non superados ata que o alumno adquira a solvencia suficiente para superalos.

Tamén teremos un continuo contacto e colaboración co departamento de orientación para axudar aos alumnos e alumnas, e favorecer que superen os obxectivos mínimos evaluación a evaluación e que ao final promocionen de curso.

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A evaluación inicial farase durante a primeira quincena do mes de setembro co fin de valorar os coñecementos consolidados que posúe o alumnado do curso anterior e establecer estes resultados como punto de partida para comezar o presente curso.

Esta evaluación inicial levarase adiante a través da observación e da realización de probas tipo na aula, valorando as respuestas do alumnado para determinar o seu nivel de coñecementos, capacidades e intereses que mostraran.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao abeiro do establecido nos artigos 9.1 e 9.6 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

1. A ampliación de horas lectivas.
2. Os agrupamentos flexibles.
3. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.
4. A realización de medidas de enriquecemento curricular.
5. O reforzo educativo, nas áreas e alumnado que se determine, por parte doutro profesor.
6. O reforzo educativo, fóra do horario lectivo, das áreas e alumnos que se determinen.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Ao abeiro do art. 11 do decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia teranse en conta os elementos transversais marcados e traballaranse na aula:

- A comprensión lectora traballarémola a través da lectura dos diferentes temas e contidos que ofrece a metodoloxía e tamén outros textos proporcionado a través da internet, artigos de periódico e textos obtidos na biblioteca do material que esta facilita.
- A expresión oral terase en conta sempre que o alumnado teña que amosar na aula intereses propios ou xerados polos contidos expostos. Tamén terán que fazer exposicións na aula de traballos que eles mesmos poidan facer individualmente ou en grupo. Encargaránse exposicións periódicas voluntarias de temas asociados aos contidos ou ás inquedanzas que o alumnado poida amosar.
- A expresión escrita traballarémola a través de traballos, textos creados e probas escritas orientadas á avaliación dos contidos.
- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, terán unha gran importancia este curso debido a implementación da metodoloxía EDIXGAL.
- O emprendemento, a educación cívica e constitucional traballaranse ao longo do curso

tendo en conta datas específicas, contidos específicos da área e momentos nos que o alumnado amose inquedanzas. Traballaranse a través de momentos de debate na aula, producción de traballos propios da área ou de datas especiais para conmemorar e tamén segundo momentos estimados polo mestre ou mestra.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE ÁMBITO CURRICULAR.**

Participaremos en todas as actividades complementarias programadas polo centro (Magosto, Día da Paz, Entroido, Día das Letras Galegas, no marco da propia aula, más aló das celebracións programadas para todo o centro. Por outra banda, realizaranse as actividades relacionadas co PDI deste ano: "A máquina do tempo do CEIP O Mosteirón" que iremos programando durante o curso.

Tamén dende as aulas de 5º curso participarase no Proxecto Voz Natura do centro.

Por último, segundo os intereses dos alumnos, as necesidades e oportunidades que vaian xurdindo, poderán programarse outras actividades que se consideren oportunas.

## **13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os errores e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación.

Os mestres/as do ciclo realizarán de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final.

Coa autoavaliación pretendese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado
- b) Mellorar a formación docente
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade
- d) Crear unha cultura autoavaliadora

Os mecanismos de revisión, avaliação e modificación da programación didáctica do presente curso 2021/2022 son de dous tipos:

- a. Unha avaliação de progreso:

- Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
  - Valorarase tal axuste nas reunións de ciclo e nas avaliacóns e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

b. Unha avaliación final:

- Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aproba a materia.
- Os errores detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

Para esta autoavaliación cumple reflectir na memoria final aspectos tales como:

- Actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumplimento
- Síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- Dificultades atopadas.
- Factores que influíron nas dificultades.
- Aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- Propostas de innovación necesarias.
- Valoración dos resultados da enquisa proposta.
- Medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía emplegada.